



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 24 DE XULLO DO 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Ignasi Colominas Ezponda, Manuel Casteleiro Maldonado e Miguel Muñoz Cantero, Inés Pernas Alonso e Sonia Rodríguez Beltrán.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### 1. Informe do reitor

O **reitor** comeza informando da realización, o pasado día 18 de xullo, dun Consello Galego de Universidades, en que se informou desfavorablemente (por oito votos a seis) a proposta de autorización de dúas titulacións (Arquitectura e ADE) do CESUGA. A súa implantación queda pendente, pois, da decisión do Goberno autonómico.

O reitor engade que, onte mesmo, tivo lugar en Madrid unha CRUE, seguida dun Consejo de Universidades. Leváronse a informe catro proxectos de Real decreto.

Un, sobre suplemento europeo do título; outro, sobre acreditación de centros; outro, que incorpora distintas modificacións no Real decreto regulador dos procedementos de acreditación do PDI; e finalmente, un Real decreto polo que se modifica o Real decreto 1393/2007 para habilitar o sistema 3+2 de duración das ensinanzas de grao e posgrao. Estes borradores foron presentados con moi pouca antelación, aínda que polo seu contido teñen diferenzas. O de suplemento europeo do título tivo informe favorable, porque se leva traballando nel bastante tempo. En cambio, os borradores de acreditación de centros e profesores, así como o borrador da estrutura das titulacións non foron suficientemente traballados, polo que o Ministerio aceptou que até o 15 de setembro se lle sigan enviando suxestións. Especialmente, o de titulacións, pola súa transcendencia, causou moita inquietude, e inquietude unánime, entre todos os reitores, pola súa importancia, a súa inoportunidade nestes momentos e a escaseza de tempo para negociar.



O reitor considera axeitado remitir os borradores de real decreto aos membros do Consello de Goberno, para que a comunidade universitaria poida coñecer e debater o seu contido, mesmo coa provisionalidade que existe calquera norma en proceso de elaboración.

O Concello da Coruña aprobou por unanimidade, no seu pleno do día 9 de xuño, unha moción presentada polo grupo municipal do BNG en defensa da universidade pública. Dáse a circunstancia de que a moción coincide literalmente coa que aprobou o Claustro universitario en maio de 2012.

Por último, o reitor repasa os principais aspectos da programación de actividades de conmemoración dos 25 anos da creación da Universidade da Coruña. O inicio das actividades de conmemoración será o 19 de setembro, cunha conferencia maxistral impartida por Ignacio Cirac, director do Instituto Max Planck de óptica cuántica de Garching, a que todos os membros do Consello de Goberno están convidados. A exposición sobre os vinte e cinco anos da Universidade inaugurarase en xaneiro do 2015 na Fundación Barrié e, posteriormente, trasladarase a Ferrol, á Fundación Abanca.

A cerimonia de doutoramento honoris causa do profesor Michael Apple terá lugar o 16 de marzo. Ademais das distintas actividades culturais e deportivas programadas pola Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, significar tamén que nos meses de febreiro a abril desenvolveremos un ciclo de conferencias baixo o título “*Repensar a universidade pública*”. Comezarase cunha conferencia de Boaventura de Sousa Santos o 5 de febreiro; o 19 de febreiro será a quenda de Xavier Grau. O 5 de marzo, Victoria Camps, e o 9 de abril pechará o ciclo Vicenç Navarro.

O reitor remata solicitando de novo a colaboración e implicación de toda a comunidade universitaria na conmemoración dos nosos primeiros 25 anos de existencia institucional.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vicerreitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da aprobación por parte da Comisión de Investigación, con data 25-6-2014, do nomeamento dos representantes de cada un dos laboratorios do CITEEC, na Comisión de Usuarios do centro. Informa tamén da redución e posterior ampliación de capital na empresa Appentra Solutions S.L., participada pola UDC, así como do resultado da convocatoria conecta PEME no tocante aos proxectos



en que participan grupos da UDC (15 contratos para 7 proxectos) e do resultado das solicitudes de *Starting Grant* do ERC que pasan a fase final de avaliación. O vicerreitor tamén da conta das axudas concedidas na convocatoria UDC-Inditex para estadias internacionais de estudantes de doutoramento, dos resultados de concesión de proxectos da UDC nas convocatorias de retos e excelencia do MINECO do Plan estatal de investigación. Presentouse tamén unha solicitude conxunta UDC-EMALCSA dentro da convocatoria de unidades mixtas de investigación da Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia. Finalmente, informa da previsión de publicación da resolución da convocatoria de proxectos emerxentes da Xunta de Galicia e da previsible próxima publicación, na primeira quincena do mes de agosto, da convocatoria de axudas posdoutorais da Xunta de Galicia, os antigos Ángeles Alvariño.

**O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa dos cambios no calendario de presentación de novas propostas e modificacións de títulos, que modifica o previsto en aplicación do Decreto 222/2010. O novo calendario para presentar as memorias de verificación situaríase o 1 de setembro. O vicerreitor xa anticipou estas novidades aos coordinadores de titulacións. Noutra orde de consideracións, todas as titulacións presentadas pola UDC acadaron o informe previo positivo da Xunta de Galicia. O de Didácticas Específicas, porén, non poderá implantarse no vindeiro curso.

Informa tamén da vindeira implantación do dominio .gal na Universidade da Coruña, dentro do programa “Pioneiros” da Asociación .gal. Probablemente migraremos o dominio na vindeira semana e en setembro migrarán os correos electrónicos.

Por último, o vicerreitor destaca a posta en marcha dun novo catálogo de investigación accesible desde a web institucional da UDC.

**O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da reunión realizada o pasado día 21 de xullo na Secretaría Xeral de Universidades, en que se trataron de negociar os informes negativos á autorización de varios contratos de PDI temporal, así como algúns erros da Xunta e diferentes criterios de interpretación en relación co termo dos contratos de axudante doutor. A Xunta considera que tres prazas non son de cobertura urxente e inaprazable. Denegouse a autorización das prazas de axudante doutor para Enxeñaría Naval e Oceánica e Proxectos Arquitectónicos, así como un contratado doutor interino de Filosofía Moral, por entender que nas áreas



hai capacidade docente, a pesar de obedecer aos compromisos de promoción recollidos no II Convenio colectivo do PDI laboral.

O reitor pon de manifesto que isto significa a intervención directa da Xunta sobre a política de profesorado, que debería ser respectada como manifestación da autonomía universitaria.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 146 625,72 € euros nos expedientes V-0016-14 a V-0020-14, do que foi cumpridamente informada a Comisión de Asuntos Económicos nas sesións do 25 de maio, 27 de xuño e 17 de xullo.

Nestas mesmas sesións, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2014 por importe total de 643 710,36 € correspondentes cos informes de intervención C-0006-14, C-0007-14 e C-0008-14.

A **vice-reitora de Estudantes, Deportes e Cultura** informa de que xa saíu a convocatoria de bolsas de colaboración en departamentos do Ministerio. Haberá que facer a asignación antes da resolución da convocatoria. Os criterios seguidos foron os seguintes.

Se as bolsas pretenden a captación de estudantes para a súa iniciación á investigación, convén que cada departamento teña a oportunidade de contar cunha bolsa mentres o número de bolsas asignadas á Universidade da Coruña polo Ministerio permita facelo así.

No caso de que non se poida facer así a repartición porque o número de bolsas asignado sexa inferior ao número de departamentos ou porque existan excedentes, resulta coherente co propósito da bolsa que se primen os departamentos que posúan maior actividade investigadora; mais co obxecto de non postergar os departamentos con menor actividade investigadora -o que se pode deber a razóns moi diversas- e ofrecer a oportunidade de contar cunha destas bolsas aos devanditos departamentos, terase conta, ademais dos sexenios vivos, a carga docente dos departamentos para 4.º de grao e 1.º de mestrado universitario.

De conformidade co exposto propónse a aplicación dos criterios seguintes:



1. Asignarase unha bolsa por Departamento, sempre que o número de bolsas sexa maior ou igual ao número de Departamentos.
2. Para o resto das bolsas non asignadas polo procedemento anterior, ordenaranse os departamentos de maior a menor segundo a resultante de aplicar os dous criterios que se expoñen a continuación ponderados cada un ao 50%.
  - 2.1 Considerarase o departamento con maior cociente entre sexenios totais e número de profesores e asignaráselle 5 puntos. Os demais departamentos recibirán a parte proporcional en función do cociente entre os sexenios dese departamento e o seu número de profesores.
  - 2.2 Calcularase para cada Departamento o número de alumnos matriculados en primeira matrícula nalguna das materias de último curso de grao e 1.º de mestrado universitario en que o departamento teña docencia. Considerarase o departamento con maior número de alumnos, outorgándolle a cualificación de 5 puntos e asignarase aos restante departamentos a parte proporcional destes 5 puntos en relación coa suma do número de alumnos dese departamento.
3. De non se cubrir todas as bolsas tal como se establece nos criterios 1 e 2 farase a asignación entre todos os departamentos por orde de prelación da puntuación obtida pola persoa solicitante.

Os datos para aplicar estes criterios serán proporcionados polas vicerreitorías con competencias na materia.

**A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que no mes de xuño tivo lugar no campus de Ferrol a II Xornada Universitaria Galega en Xénero organizada conxuntamente polas oficinas e servizos de Igualdade das tres universidades galegas. Ademais de conferencias plenarias e mesas de traballo convocouse un premio ao mellor póster presentado que recaeu no traballo realizado por alumnas da



Facultade de CC do Deporte e a Educación Física da UDC dirixidas pola profesora Cristina López Villar e concedeuse ademais un accésit ao traballo presentado polo profesor da ETS de Enxeñería de Camiños José Manuel Álvarez-Campana.

Un traballo elaborado pola OIX da UDC foi seleccionado para participar na final do concurso Ciencia en Acción na modalidade de “Ciencia, Enxeñería e Valores”. A final terá lugar no vindeiro mes de outubro en Barcelona.

A Aula de Formación en Diversidade empezou a súa actividade cun curso de lingua de signos dirixido ao PAS e ao PDI da Universidade. Para a súa realización contou cunha especialista da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, organismo co que temos un convenio de colaboración.

Séguese a ampliar o banco de recursos de material adaptado para persoas con mobilidade reducida. Recentemente comprouse unha plataforma salvaescaleiras para cadeiras de rodas. Esta infraestrutura mellora notablemente o acceso universal a distintos espazos da Universidade.

A Fundación ONCE ten aberta a convocatoria dun programa de bolsas para estudantes e titulados de grao e posgrao que presenten algún tipo de discapacidade. O fin deste programa denominado “Oportunidade o talento” é apoiar a mobilidade internacional, a investigación e as prácticas académicas externas. Atópase toda a información sobre os requisitos e a contía das bolsas na páxina web da Fundación Once.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa, no marco do programa Erasmus +, da resolución do OAPEE do 26 de xuño de 2014 sobre as adxudicacións iniciais de subvencións para os proxectos de mobilidade KA1 de educación superior.

Á UDC concedéronlle 400 mobilidades de estudos, 28 para prácticas, 28 STA e 9 STT (calculadas de xeito estimativo para estadias de tramo medio), cunha contía global de 679 500 €. Neste sentido, e co gallo de esgotar as mobilidades previstas, abriuse a semana pasada a terceira convocatoria do programa Erasmus +, bilateral e NILS. Infórmase asemade da inminente publicación das convocatorias STA e STT para mobilidade do PDI e PAS para o curso 2014/2015.

No eido da mobilidade internacional, a vice-reitora salienta a recente publicación da convocatoria do programa “IACOBUS”, un programa de





cooperación cultural, científica e pedagóxica entre as universidades e outras institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. O IACOBUS é unha acción que provén das prioridades definidas no PIC - Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión, sendo impulsado pola Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, e conta co apoio da Unión Europea, quen contribúe ao seu financiamento a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP). Ten como obxectivo principal fomentar a cooperación e o intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensino superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para a posta en común de actividades formativas, investigadoras e divulgativas. Está aberta esta primeira convocatoria para PDI, PAS e investigadores das universidades asinantes ata o 30 de xullo de 2014, para realizar estadias ata o 31 de decembro de 2014.

No ámbito da promoción da docencia en inglés, un dos eixes do plan estratéxico en materia de internacionalización da UDC, infórmase da ampliación, para o vindeiro curso, dos programas en inglés en tres titulacións máis: Arquitectura, Arquitectura Técnica e Dereito, que se suman aos programas xa existentes nas titulacións de ADE, Química, Bioloxía, Enxeñaría Naval e Oceánica.

Infórmase tamén da inauguración da *International Summer School* o 4 de agosto. A ISS, na súa primeira edición, ofrece 14 cursos diferentes en distintas áreas de coñecemento (xurídico social, biosanitaria, científico-tecnolóxica...), impartidos en inglés por profesores estranxeiros procedentes de universidades europeas e norteamericanas. Hai aproximadamente 160 estudantes matriculados na ISS, o que a vicerreitora considera un éxito de convocatoria. A ISS terá lugar do 4 ao 22 de agosto nas diversas aulas da Facultade de Dereito da UDC.

No eido da cooperación, infórmase de que as tres universidades integrantes do Sistema Universitario Galego, veñen de asinar o pasado 16 de xuño un convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Xunta para a creación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD), que ten como obxectivo xeral o de fortalecer o papel das universidades galegas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, a través da colaboración institucional mutua e con outras institucións e entidades activas neste eido. Para o que a Xunta de Galicia achega 99 000 euros neste ano 2014.



Coa creación da RGCUD, que será coordinada pola Universidade da Coruña a través da súa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), dependente da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación, créase un instrumento para facilitar o desenvolvemento institucional das universidades de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento, así como para a elaboración conxunta de proxectos e actividades académicas neste eido, onde o fomento da investigación na materia será un eixo fundamental. O labor da RGCUD consonte ás liñas do III Plan Director da Cooperación Galega e da “Estratexia 2020” da Unión Europea, permitirá identificar o capital humano existente nas universidades galegas en materia de cooperación para o desenvolvemento, e poñelo ao servizo da sociedade galega, dándolle visibilidade ás accións desenvolvidas nas universidades galegas no dito eido. Para iso, estase a traballar na creación dun portal web que terá un espazo público e accesible a todo o mundo, onde se amosará toda a información sobre a Rede (actividades, convocatorias, cursos etc.). Outro dos obxectivos, recollidos no proxecto da RGCUD, é o de promover a formación transversal en Cooperación e Educación ao Desenvolvemento, reforzando deste xeito a responsabilidade social das universidades. Na actualidade trabállase na elaboración dun programa formativo enfocado á comunidade universitaria e, no mes de setembro, abranse os primeiros cursos para persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador das universidades de Coruña, Santiago e Vigo. En execución deste convenio publícase con data 22 de xullo a convocatoria dunha praza de técnico medio en cooperación para a UDC.

O **secretario xeral** informa da desestimación, mediante un escrito notificado o 14 de xullo, do requirimento presentado o 26 de maio perante a Xunta para a devolución das cantidades necesarias para reintegrar o importe íntegro da paga extra proporcional reivindicada en 2012 por todo o persoal da UDC. En vindeiras datas presentaremos o correspondente recurso contencioso-administrativo contra esta decisión da Xunta. Anuncia tamén a vindeira convocatoria dos representantes dos traballadores a unha reunión para tratar o recoñecemento en vía administrativa do dereito á devolución das cantidades para todo o persoal da UDC.

O **xerente** informa dos seguintes procedementos acordados tras a correspondente negociación coa Xunta de Persoal de PAS:

- Resolución da Xerencia 1/2014, do 9 de xullo, pola que se ditan instrucións para a cobertura temporal de postos de traballo de PAS funcionario en comisión de servizos.





- Resolución da Xerencia 2/2014, do 10 de xullo, sobre roupa de traballo do PAS funcionario.
- Resolución da Xerencia 3/2014, do 11 de xullo, pola que se regula a cobertura temporal dos postos de traballo de conserxe.

Por outra parte, con data 11 de xullo actual publicouse no DOG número 131 a Resolución do 27 de xuño de 2014 pola que se convocan probas para a execución do proceso de funcionarización do PAS laboral fixo (segunda convocatoria); e o día 10 deste mes de xullo publicouse a adxudicación definitiva de postos do concurso de méritos para a provisión de postos vacantes de PAS funcionario convocado por Resolución do 2 de xaneiro de 2014, estando previstos os cesamentos nos actuais postos dos funcionarios de carreira que obtiveron novo posto para o vindeiro día 1 de setembro, de forma que a toma de posesión nos novos se produza no prazo dos 3 días seguintes se non hai cambio de residencia ou de 7 se se produce este cambio.

Finalmente, informa de que nas reunións que se están a realizar da Mesa de Persoal de proxectos e convenios-capítulo VI, ademais de acordarse o correspondente calendario de traballo, a representación da UDC formulou unha proposta de clasificación por categorías desta clase de persoal, que está pendente de estudo e suxestións por parte da representación sindical presente nesta Mesa.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de maio**

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de maio.

A acta é aprobada por asentimento.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en oito (8) convenios marco, catorce (14) convenios específicos, e cento corenta e seis (146) convenios para prácticas e que cumpriron todos os trámites preceptivos



previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbbase por asentimento.

#### **4. Proposta de modificación do Regulamento de estudos de doutoramento (sobre a presenza de mulleres e homes nos tribunais de tese)**

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, Ricardo Cao, quen explica o sentido da modificación puntual solicitada polo Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, a raíz de diversas suxestións de profesorado e da propia Oficina de Igualdade de Xénero.

A modificación consiste en substituír, no artigo 36, o inciso “*A composición do tribunal tenderá a unha presenza equilibrada de homes e mulleres*”, pola redacción seguinte:

*A composición do tribunal procurarase que sexa paritaria (ningún sexo deberá ter una representación inferior ao 40%) salvo que non sexa posible por razóns debidamente motivadas que deberán expresarse no documento de proposta do tribunal de tese remitido polo/a Departamento/CAPD á EIDUDC. O establecido neste punto deberase tamén respectar na proposta de membros suplentes.*

Tras a exposición do vicerreitor, ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Sergio Santos considera que no seu centro complica bastante a configuración de tribunais, pois hai un predominio de mulleres. O vicerreitor replica que, en situacións concretas, se poida motivar o incumprimento do criterio.

Apróbbase a modificación puntual do Regulamento de estudos de doutoramento por asentimento, e incorpórase como **Anexo IV** á presente acta.

#### **5. Proposta de modificación do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento**

O reitor cédelle a a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen explica que o Comité de Dirección da EIDUDC, por proposta da



Comisión Permanente da EIDUDC (acordo do 26 de maio de 2014), acordou modificar o Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da EIDUDC para dar unha nova redacción ao segundo parágrafo do artigo 10, que regula o número de membros do Comité Asesor Internacional.

Así, onde di:

*Este comité asesor internacional estará constituído por entre 3 e 5 persoas, que serán propostas polo director da EIDUDC, unha vez oído o Comité de Dirección, e serán nomeadas polo reitor da UDC.*

debe dicir:

*Este comité asesor internacional estará constituído por 6 persoas, de modo que:*

*– cada un dos 5 ámbitos de coñecemento (Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Arquitectura e Enxeñaría, Artes e Humanidades) estea adecuadamente representado por unha persoa.*

*– unha persoa, que non representará a ningún ámbito de coñecemento, deberá ter unha acreditada experiencia en actividades de internacionalización dos estudos de doutoramento.*

*Estas persoas serán propostas polo director da EIDUDC, unha vez oído o Comité de Dirección, e serán nomeadas polo reitor da UDC.*

Tras a explicación das principais razóns da proposta, e tras a detección dun erro na redacción por Nona Inés Vilariño, apróbbase e incorpórase a documentación como **Anexo V**.

## **6. Aprobación, se proceder, do Regulamento de réxime interno do CITIC**

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar que se trata de dotar o CITIC dun regulamento interno propio, da mesma maneira que no anterior Consello de Goberno se fixo co CITEEC. Para a súa elaboración contouse co persoal e grupos do CITIC.

A proposta apróbbase por unanimidade e incorpórase como **Anexo VI**.

## **7. Proposta de normativa do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da EIDUDC**



O vicerreitor de Investigación e Transferencia expón que este novo sistema de garantía interna da calidade, preceptivo, foi elaborado e aprobado no seo da Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC do 26 de xuño de 2014, en colaboración coa Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías. O Comité de Dirección da EIDUDC, na sesión do 10 de xullo de 2014 referendou a proposta e remitiuna a este Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

### **8. Proposta de acordo pola que se solicita ao Consello Social a aceptación da cesión da biblioteca profesional de D. Pedro López Gómez**

Toma a palabra o secretario xeral para explicar a proposta.

Sen ningunha intervención, apróbase o punto por asentimento e incorpórase á acta como **Anexo VIII**

### **9. Corrección de erros da Normativa académica**

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías propón dúas correccións de erros na normativa académica.

a) A primeira sería na *Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM)*, aprobada polo Consello de Goberno do 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014. En concreto, no artigo 2.3, onde di:

“De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG ou do TFM para rematar os seus estudos de grao ou de mestrado universitario, poderá matricularse, para defendelo naquelas datas que estableza cada facultade/escola, desde o inicio do curso académico até a data límite de sinatura e entrega de actas de segunda oportunidade que conste no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno; pero respectando sempre o número máximo de dúas oportunidades de que poderá facer uso en cada curso académico”.

*Debe dicir:*



*“De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG ou do TFM para rematar os seus estudos de grao ou de mestrado universitario, poderá defendelo naquelas datas que estableza cada facultade/escola, desde o inicio do curso académico ate a data límite de sinatura e entrega de actas de segunda oportunidade que conste no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno; pero respectando sempre o número máximo de dúas oportunidades de que poderá facer uso en cada curso académico”.*

b) En segundo lugar, as *Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario*, aprobadas polo Consello de Goberno do 19/12/2013 e modificadas o 30/04/2014), no artigo 29.1, onde di

1. As reclamacións ante o decanato ou a dirección do centro poderán presentarse a partir da data de publicación das cualificacións definitivas e ata 10 días naturais despois do remate do prazo establecido no calendario académico oficial para a entrega de actas.

*Debe dicir:*

*“As reclamacións ante o decanato ou a dirección do centro poderán presentarse nun prazo de dez días naturais que contará a partir da data de publicación das cualificacións correspondentes a calquera oportunidade, e, no seu defecto, ata dez días naturais despois do remate do prazo establecido no calendario académico oficial para a entrega de actas de calquera oportunidade”.*

Miguel Valeiro considera que, no primeiro caso, supón un paso atrás, pois pode supor atrasar a defensa do traballo de fin de grao para os estudantes brillantes. O vicerreitor considera que non hai un paso atrás, ao contrario, pois flexibilízanse os criterios de matrícula establecidos en 2009, e que non se vai producir ese atraso, senón que se trata de harmonizar o remate dos estudos de xeito ordenado cos procesos de matrícula. O estudante Miguel Valeiro anuncia o seu voto en contra da corrección.

Moisés Canle pregunta por unha distinción que se incorpora na segunda das correccións propostas.

Tras as anteriores intervencións, e co voto en contra de Miguel Valeiro, apróbase por asentimento a proposta e incorpórase ao **Anexo IX**.



## **10. Aprobación, se proceder, de fichas de títulos propios de posgrao**

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicita a aprobación das 9 fichas de títulos propios de posgrao que quedaron pendentes no Consello de Goberno do 27 de maio. Tamén se inclúen algunhas correccións de erros na lista de fichas aprobadas nese último Consello.

A profesora Sonia Souto intervén en relación con dous títulos propios organizados pola Facultade de Ciencias do Deporte, en cuxas materias (prescrición do exercicio físico en doentes) se tratan competencias reservadas por lei aos profesionais sanitarios e en concreto aos fisioterapeutas, polo que considera obrigado informar sobre este asunto. Anuncia o seu voto negativo ás fichas de actividade física e saúde e prescrición de exercicio físico.

Nona Inés Vilariño manifesta o seu interese e preocupación por este asunto.

Rosa Meijide di que neste asunto xa ten unha vella discrepancia, por considerar que os licenciados ou graduados da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física deben ter esa formación, pero non poden prescribir, no sentido técnico, sobre aspectos que están reservados a profesionais sanitarios concretos.

O vicerreitor subliña que os títulos propios non dan ningún tipo de atribucións profesionais, e así se especifica con toda claridade, pero considérase necesario dar esa formación aos graduados en ciencias do deporte.

O profesor Sergio Santos suxire que se redacten as fichas de xeito que non se produzan estas colisións co ámbito profesional atribuído por lei. O reitor apoia esta opinión.

Apróbase o punto con catro votos en contra ás fichas de Actividade Física e Saúde e prescrición de exercicio físico, e incorpórase como **Anexo X**.

## **11. Aprobación, se proceder, dunha modificación orzamentaria**

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas solicita a aprobación dunha modificación orzamentaria, con baixa de 261 616,59 €





en varios conceptos de gasto corrente, e alta pola mesma contía en gastos de investimento.

Esta modificación relaciónase directamente coa insuficiencia do fondo de continxencia para as eventualidades ocorridas neste exercicio, fundamentalmente debido a:

- Reintegro de 307 688,60 € de axudas de consolidación das anualidades de 2008, 2009 e 2011 por mor de auditorías negativas sobre a elixibilidade de determinados gastos.
- Gastos derivados de sentenzas condenatorias dos xulgados do social, que supoñen no ano 2014 un total de 726 183,48 €.

Para estes pagos fóronse facendo transferencias de diferentes partidas descentralizadas de capítulo 6, mais para os próximos pagos non é suficiente polo que se necesita redistribuír tamén de partidas descentralizadas de gasto corrente, sendo competencia delegada ao Consello de Goberno a autorización.

A redución de créditos do capítulo 2 e 4 correspóndese con partidas de gasto centralizadas que nalgún caso, vista a execución a esta data, se considera pode haber remanente, ou asociadas a convocatorias que unha vez rematadas deixaron remanente na súa execución.

Xosé Portela xa manifestou a súa abstención na Comisión Delegada de Asuntos Económicos, porque considera que o seu sindicato xa advertira do fraude de lei que se estaba a cometer cos contratos subscritos con subvencións da Xunta de Galicia. Hoxe vota en contra.

Apróbase por asentimento co voto en contra de Xosé Portela e incorpórase como **Anexo XI** á presente acta.

## **12. Proposta de cambios de dedicación para o curso académico 2014-2015**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a aprobación das dedicacións das prazas temporais de PDI que figuran no anexo, para adaptar a capacidade docente ás necesidades sobrevidas do servizo.

Teñen o informe favorable da mesa sindical e da COAP.



Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XII** á presente acta.

### **13. Proposta de nomeamento/renovacións de profesores honorarios**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización do Consello de Goberno para nomear profesores honorarios a Nieves Peiró Graner, profesora da área de Biblioteconomía e Documentación, e Pilar Millor, profesora da área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

Así mesmo, solicita autorización para a segunda prórroga, até o 30 de setembro do 2016, dos profesores honorarios José Luis Freire Nistal e Jorge Teijeiro Vidal.

A proposta apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo XIII**

### **14. Proposta de nomeamento de profesores eméritos**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente comenta as solicitudes de José Luis Franco Taboada e José Luis Veira Veira.

A primeira conta con informe favorable da COAP, con dedicación P06 a tempo parcial, mais non a segunda, por non concorrer os requisitos que esixe a normativa da UDC.

O vicerreitor solicita a aprobación da primeira das propostas, a do profesor José Antonio Franco Taboada.

Feitas as anteriores intervencións, apróbase a proposta por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como Anexo XIV

### **15. Proposta de autorización de licenzas**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación expón as solicitudes de licenzas que figuran no anexo para realizar estadias de investigación dos profesores Viviana Fernández Marcial, Juan Ferreiro Galguera e Gabriela Oanta, Laura Oso, Oscar Pedrós Fernández, Juan Ignacio Prieto López e Natalia Quintas Froufe. Como condición, estas licenzas non supoñen a contratación de profesorado temporal.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XV**

### **16. Quenda aberta de intervencións**



Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

O profesor Daniel Pena Agras agradece publicamente a defensa que fixo o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da praza do axudante da EPS cuxo contrato non foi informado favorablemente pola Secretaría Xeral de Universidades. Informa da valía contrastada deste axudante, o mellor expediente académico da EPS. Considera que é lamentable e triste a situación en que se deixa a Universidade se non se pode renovar xeracionalmente.

Luis Castedo intervén sobre o logo dos 25 anos para opinar que o considera manifestamente mellorable.

Moisés Canle considera que debemos divulgar a eliminación da autonomía da universidade e as consecuencias que vai ter para a subsistencia das universidades e o cumprimento do noso papel institucional. Tamén comenta o concepto de “profesión regulada” na implantación dos graos, especialmente no ámbito das ciencias. Considera que debe haber un diálogo da institución cos colexios profesionais para evitar disfuncións.

Xosé Portela considera tamén que hai que defender a autonomía universitaria. Lembra que no Consello de Goberno de maio denunciou o que ao seu xuízo estaba pasando a respecto dos contratos de investigación. Pola prospección directa que fixo nestes proxectos, segue entendendo que se dá a circunstancia de inelixibilidade do gasto dos contratos predoutorais. Tamén solicita explicacións sobre o feito de que, a mediados de abril, unha persoa que rematou na OTRI o seu contrato, foi contratada ao día seguinte.

Respecto do primeiro asunto, o vicerreitor de Investigación considera que, tras a revisión das distintas situacións dos contratados para os proxectos de investigación en concorrencia competitiva, non existen tales irregularidades. Considera que a “circular” do MINECO para a convocatoria de proxectos de 2012 se limita a precisar os conceptos elixibles na modalidade de xustificación a custos marxinais, e que as auditorías de proxectos que desenvolve o Ministerio están lonxe de ser razoables, pois están provocando un traballo desproporcionado e unha grande inseguridade xurídica. Respecto do segundo asunto, lembra que a persoa da que se fala estaba encargada de xestionar os proxectos e as convocatorias europeas mediante un contrato financiado pola Xunta. Ao seu termo, dábase a circunstancia de que era prioritario o seguimento das convocatorias dos proxectos do Horizonte 2020, e a Xunta aínda non



concedera unha prórroga dos fondos de contratación, polo que se optou por facilitar a continuación desta persoa.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 12:16 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito